

Evelyn Boyd Granville (Washington DC, 1924-)



Nace no seo dunha familia humilde.

Realiza os estudos elementais, medios e superiores en Washington.

O que máis lembra da súa infancia é a segregación racial.

Vía mulleres negras –atractivas e ben vestidas– ensinando na escola, e eu quería ser tamén mestra. Non era consciente de ningunha outra profesión.

En 1941, co apoio económico dunha das súas tías e cunha pequena bolsa, comeza a estudar no Smith College. Especialízase en Matemáticas, Física teórica e Astronomía. Gradúase brillantemente en 1945.

Consegue a bolsa «Smith Student Aid Society of Smith College» para facer o seu doutoramento.

En 1949, co traballo *On Laguerre Series in the Complex Domain*, convértese, xunto con Marjorie Lee, nas primeiras afroamericanas en doutorarse en Matemáticas.

En 1952 entra en IBM, e traballa na NASA no grupo responsable de elaborar os programas informáticos que trazarian as pegadas dos vehículos espaciais.

En 1967 acepta un posto de profesora na California State University de Los Ángeles.

Na University of Texas de Tyler, obtivo a cátedra *Sam A Lindsey*.

Retirouse en 1997.